

NUSSBAUM, Martha C.: *Sin fines de lucro. Por qué la democracia necesita de las humanidades*, trad. cast. María Victoria Rodil, Katz Editores, Madrid, 2010, 199p.

Neste libro magnífico e, talvez, sorprendente para os lectores acostutados a unha “maneira clásica” de defender a cultura humanística e filosófica europea-continental (debedora dalgunhas interpretacións nesgadas de Platón e Aristóteles), a filósofa Martha Nussbaum desenvolve un orixinal argumentario ilustrado con exemplos, casos, citas e meditacións, útiles para unha defensa moderna, construtiva e razoable da presenza das humanidades (arte, historia, e, sobre todo, filosofía) nos sistemas educativos das sociedades avanzadas.

No capítulo 1 “A crise silenciosa”, a autora pon de relevo a existencia dunha crise mundial en materia de educación que afecta ás materias e carreiras relacionadas coas artes e as humanidades, nos niveis primario, secundario e superior (universitario). Inclusive detecta que o aspecto humanístico das ciencias (relacionado coa imaxinación, creatividade, rigorosidade crítica, entre outros) tamén perde terreo. A partir da narración de cinco exemplos, tomados de distintos países e diferentes niveis educativos, Nussbaum conclúe que un modelo educativo mundial orientado en exclusividade pola idea de rendibilidade económica destina a democracia ao fracaso, pois esta se basea no respecto e interese polos outros concidadáns. No modelo educativo que promove a competitividade e o afán de lucro, existe o risco certo de que desaparezan tres capacidades vitais, entre outras, para a saúde de calquera democracia, e para a creación dunha cultura internacional digna: a capacidade para o pensamento crítico; a de transcender as lealdades nacionais e afrontar os problemas internacionais como “cidadáns do mundo”; a de imaxinar con compaixón as dificultades do próximo.

O capítulo 2 “Educación para a renda, educación para democracia” compara as ideas reitoras e consecuencias prácticas de dous modelos educativos enfrontados: o centrado no PIB (ou do crecemento) e o do desenvolvemento humano. En ambos os dous está en xogo a comprensión do que significa o progreso dunha nación. O principal problema do primeiro modelo é que deixa de lado a distribución da riqueza, a igualdade material, a xustiza social, e inclusive pode chegar a cualificar positivamente a nacións ou estados nos que se rexistran niveis alarmantes de desigualdade e violencia social. A experiencia histórica recente demostra con datos

---

Recibido: 16/06/2013. Aceptado: 28/06/2013.

empíricos que o desenvolvemento económico non trae aparellada como consecuencia necesaria, mesmo como elemento coadxuvante e, inclusive, coetáneo, a democracia e todas as súas cualidades. Porén, o segundo modelo supón un compromiso coa democracia e, xa que logo, coa formación dunha cidadanía que chega a sentirse estreitamente vinculada coas institucións democráticas e o compromiso cívico. Nesta dirección Nussbaum presenta, para o debate público, sete aptitudes que un país, que se pretenda democrático, debe promover mercé ao sistema educativo: aptitude para reflexionar sobre cuestións políticas que afectan á nación; para recoñecer aos outros cidadáns como persoas cos mesmos dereitos; para interesarse pola vida dos demais concidadáns; para imaxinar cuestións complexas que afectan á trama dunha vida humana no seu desenvolvemento; para emitir un xuízo crítico sobre dirixentes políticos; para pensar no ben común da nación como un todo; para concibir a propia nación como parte dunha orde mundial complexa.

No capítulo 3 “Educar cidadáns: os sentimentos morais (e antimorais)” invéstigase un trazo que o modelo educativo do desenvolvemento humano pretende impedir: a xénese (individual, colectiva) do afán de dominación. Nesta dirección, este modelo educativo debería apoiarse, polo menos, en dous piares. O primeiro é a análise en profundidade do funcionamento (desde a infancia até o período adulto) dos mecanismos humanos de estigmatización do outro. A finalidade é construír un relato pedagóxico que poida ter un nivel de universalidade aceptable. O recoñecemento da debilidadade, a vulnerabilidade, a mortalidade, consubstanciais á existencia, como fontes posibles de impotencia, dor e frustración, é un comezo. Como? Se non se utilizan como principios reais de autoconecemento, poden mudar en posibles xermes de proxección de estigmas (a individuos, colectivos, nacións). Este recoñecemento, mercé ao autoexame, debe completarse coa aprendizaxe de destrezas prácticas que descubran na cooperación, reciprocidade e axuda mutua, a base dunha civildade racional. Por outra banda, a “desmontaxe” do imaxinario social de que a perfección, invulnerabilidade e control sobre os demais son os únicos aspectos da vida adulta que nos permiten prosperar, dispón a plataforma para a desaparición da vontade de dominación, que afonda na angustia, inseguridade e infelicidade das persoas. Sentir interese, responder con empatía, empregar a imaxinación para poñerse no lugar dos outros, emocionarse moralmente, son sentidos éticos construtivos. O relato compartido da xénese do narcisismo, a impotencia, a vergonza, a repugnancia, e a activación dos seus opostos (comprensión-empatía-respecto-cooperación), poden constituír o núcleo sobre o que enfocar a educación para a cidadanía democrática.

O segundo pilar deste modelo educativo debe ser a descrición das estruturas perniciosas que incitan á conduta incívica. Fundamentalmente tres: a irresponsabilidade a respecto do propio comportamento; a falta dun entorno crítico e de disenso; a deshumanización e perda da individualidade das persoas. Estas eivas alimentan as fantasías de dominación propias dunha sociedade non plenamente democrática.

Xa que logo, que poden facer as institucións educativas para formar cidadáns demócratas? Nussbaum propón un ambicioso plan con sete obxectivos: desenvolver a capacidade do alumno de “ver” desde a perspectiva do outro; facerlle sentir que ser débil non é vergonzoso, necesitar dos demais non é indigno, ter necesidades e sentirse incompleto son ocasións para cooperar e medrar en común; desenvolver a capacidade para sentir un interese auténtico polos outros; ensinar contidos concretos, materiais, da historia e vida doutros grupos (raciais, relixiosos, sexuais, entre outros); fomentar a responsabilidade individual; promover o pensamento crítico e, o máis importante, a súa expresión en público (oralmente ou por escrito).

A importancia da filosofía para realizar este ambicioso programa resta gravada no título do capítulo 4, talvez o máis importante: “A pedagogía socrática: a importancia da argumentación”. Segundo Nussbaum a aprendizaxe do método socrático é imprescindible nas democracias avanzadas por catro razóns: a falta de autoexame xera falta de claridade a respecto dos obxectivos da vida cívica; esta carencia de autoexame fai que as persoas sexan demasiado influenciábeis polos oradores e non pola calidade dos argumentos; as persoas capaces de argumentar segundo o método socrático sosteñen o propio disenso con firmeza e resisten a presión dos pares; unha vida sen reflexión arrastra un trato irrespectuoso entre as persoas. A autora explica como se poden transmitir os valores socráticos mediante a educación humanística no traballo a pé de aula cos estudantes: aprenderlles a indagar en documentos, avaliar datos, escribir traballos con argumentos ben estruturados; analizar argumentos falaces e ambiguos, descubrir sofismas; detectar estereotipos e maos hábitos de pensamento, entre outros. Por último, analiza e comenta os elementos socráticos (coas súas ferramentas didácticas concretas) das teorías educativas de Jean-Jacques Rousseau, Heinrich Pestalozzi, Friedrich Froebel, os norteamericanos Bronson Alcott, Horace Mann, John Dewey, o indio Rabindranath Tagore, e o programa de Matthew Lipman de filosofía para nenos, que foron (e son) efectivamente implementados nas aulas, por exemplo, dos EUA e a India.

O capítulo 5 “Os cidadáns do mundo” configúrase como unha sólida defensa da educación para a cidadanía mundial desde unha perspectiva humanística, diríamos filosófica. Debería basearse en dous piares: o coñece-

mento fáctico da historia dos pobos do planeta e a súa multidiversidade (con informacións empíricas sobre economía e historia); a capacidade para avaliar probas históricas, aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos, ás teorías da xustiza social e á comprensión da complexidade das principais relixións. De novo os casos de Dewey e Tagore resultan paradigmáticos.

O capítulo 6 “Cultivar a imaxinación: a literatura e as artes” presenta o terceiro pilar da educación para a cidadanía mundial: a imaxinación narrativa. Dito outramente: a capacidade de pensar como sería estar no lugar doutra persoa, de interpretar con intelixencia o seu relato (vital, existencial, biográfico), e entender os sentimentos, desexos e expectativas que poida ter. Este cultivo da comprensión constitúe un elemento clave na educación para a democracia nas sociedades modernas. Nussbaum analiza con detalle a teoría experimental do pediatra-psicanalista Donald Winnicott e o papel do xogo imaxinativo na formación de persoas activas, críticas e proactivas, que logran vencer o narcisismo (espontáneo, natural) e conquistan un interese (auténtico, xenuíno) polos demais. Un dos aspectos fundamentais da literatura e das artes é o potencial educativo de facer vivir a experiencia das posicións de persoas e colectivos estigmatizados, marcados, apartados da vida social. Nesta dirección, o papel da dramatización, o teatro e, inclusive, a música coral, é analizado a partir de experiencias educativas concretas.

O último capítulo “A educación democrática, contra as cordas” é unha análise da educación para a cidadanía democrática no mundo actual. A partir do resumo das tendencias inquietantes que acontecen en diversos países (que describe con exemplos e casos elocuentes), debuxa un panorama no que o primado dos intereses mercantís e propagandísticos aceleran o ocaso das humanidades en todos os niveis do ensino. O caso da Universidade é o exemplo analizado.

En suma, este libro de Nussbaum é unha informada e firme defensa da utilidade, para os países democráticos, das humanidades, sobre todo da filosofía, con argumentos que no entorno cultural europeo, lastrado por un argumentario centrado en exceso nunha lectura unívoca da nosa tradición metafísica, resulta tan novo e brillante que, para algúns, pode resultar incomprensible e escuro.

Miguel Ángel Martínez Quintanar